

INSTRUCCIÓN IO6-02	Edición: 06
CONTROL DO ESCENARIO EN IMV	
<i>Responsable: Dirección Asistencial</i>	

ÍNDICE

1. OBXECTO E ALCANCE
2. DESENVOLVEMENTO
3. DEFINICIÓNS
4. REXISTROS
5. ANEXOS

Control de modificacións		
Nº edición	Data aprobación	Apartados modificados
01	23/05/2014	Documento orixinal.
02	22/12/2015	
03	7/02/2017	
04	8/01/2021	
05	2/07/2021	
06	4/04/2024	Actualización de contidos e da portada. Todos os cambios están sombreados coa excepción da portada.

APROBADO	
Asinado	Posto
Dirección	Directora da FPUSG-061

ELABORACIÓN			
Nome, apelidos + posto	Elaborado	Revisado	Apoio Metodolóxico
Comisión de Catástrofes	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<i>Directora Asistencial</i>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<i>Subdirector de Procesos Asistenciais da Área de Enfermería</i>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<i>Supervisor de requisitos técnicos de vehículos RTSUG-061</i>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<i>Técnico de Xestión – Servizo de Calidade e Relación co Usuario</i>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>

Este documento é propiedade da Fundación Pública Urgencias de Galicia-061 (FPUSG-061). Calquera copia deste documento considerárase non controlada polo que pode non estar actualizada. Só se considerará controlado o documento publicado na Intranet da FPUSG-061.

INSTRUCCIÓN IO6-02	Edición: 06
CONTROL DO ESCENARIO EN IMV	
<i>Responsable: Dirección Asistencial</i>	

1.- OBXECTO E ALCANCE

Establecer a secuencia de decisións e intervencións, rápidas, sinxelas, seguras e reproducibles, a desenvolver no lugar dun incidente de múltiples vítimas (IMV) e/ou catástrofe por parte do persoal dos recursos asistenciais da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 (FPUSG-061), co fin de acadar un efectivo control da escena, despregando accións organizativas encamiñadas a reorganizar ao equipo asistencial e o propio escenario do incidente.

Aplicarase cando unha situación de emerxencia sexa clasificada como IMV, e sexan activados para a súa asistencia e resolución recursos da Rede de Transporte Sanitario Urxente de Galicia (en adiante RTSUG-061).

Límite de entrada: situación clasificada como IMV ou catástrofe.

Límite de saída: escenario controlado polo persoal asistencial.

2.- DESENVOLVEMENTO

Nunha situación de catástrofe ou IMV previamente ao comezo da clasificación e asistencia aos feridos é indispensable a organización do escenario e do equipo.

A tarefa principal do equipo asistencial dunha AA-SVA da FPUSG-061, no primeiro momento da atención nun escenario de múltiples vítimas, é desenvolver estratexias organizativas que estruturen tanto ao equipo como a escena.

2.1 CONTROL DO ESCENARIO

2.1.1 Recoñecemento da zona/incidente. Información á Central de Coordinación Urxencias Sanitarias de Galicia-061 (CCUSG-061)

É responsabilidade do xefe do equipo do primeiro recurso de SVA en chegar ao punto.

Debe realizar unha inspección rápida de toda a contorna do lugar do sinistro, identificando os límites do escenario, existencia de riscos potenciais, de vítimas dispersas e informarase á CCUSG-061 de:

- Confirmación e descrición breve da tipoloxía do incidente.

INSTRUCCIÓN IO6-02	Edición: 06
CONTROL DO ESCENARIO EN IMV	
<i>Responsable: Dirección Asistencial</i>	

- Confirmación da localización o máis exacta posible.
- Nº de vítimas. Estimación baseada na observación rápida e tendo en conta as marxes da definición de IMV como referencia.
- Recursos asistenciais e non asistenciais no punto.
- Necesidades loxísticas: mobilizarse dende a CCUSG-061 o vehículo de apoio loxístico (VAL) máis próximo ao lugar do sinistro en Emerxencias a partir de nivel I (de 10 a 25 vítimas).
- Riscos sobreengadidos.
- Rutas e vías de acceso preferentes. Nos accidentes de vías de alta capacidade, notificarase aos responsables do seu mantemento a través da CCUSG-061 para unha mellor sinalización do lugar. Esta información pódese dar directamente ou indicándoa ao responsable de Comunicacións.

2.1.2 Delimitar o perímetro de seguridade e balizamento da zona, coa finalidade de evitar novos accidentes que ocasionen máis dano ás vítimas xa existentes, como medida de protección do equipo sanitario para realizar un mellor control dos espectadores, e fundamentalmente para facilitar a entrada e saída dos distintos equipos intervinientes na resolución do accidente.

Dependendo da natureza do evento os equipos responsables da seguridade na escena segméntanse como segue:

- Bombeiros e/ou rescatadores: responsables da seguridade das escenas relacionadas con:
 - Incendios.
 - Inundacións.
 - Derrubamentos.
 - Vítimas atrapadas.
- Forzas e Corpos de Seguridade do Estado (FCSE): responsables da seguridade das escenas relacionadas con:
 - Explosivos.

INSTRUCCIÓN IO6-02	Edición: 06
CONTROL DO ESCENARIO EN IMV	
<i>Responsable: Dirección Asistencial</i>	

- Atentados terroristas.
- Tráfico.
- Armas.
- Aglomeracións humanas.

Ante incidentes con substancias tóxicas serán responsables da seguridade os departamentos específicos autonómicos ou locais como químicos, técnicos, etc.

Non obstante sempre se debe manter unha actitude de traballo multidisciplinar.

De non estar presentes no punto outros recursos de atención ás emerxencias coa responsabilidade de garantir a seguridade o Mando Sanitario (MS) asignará a tarefa de balizamento ao persoal TES, empregando para elo a cinta de balizamento presente na AA-SVA e as luces LED V16 azuis.

Se como primeiro interviniente non se é capaz de establecer a seguridade por calquera motivo, esperarase ao persoal adestrado e autorizado para establecer esta función.

2.1.3 Constitución do Posto de Mando Sanitario:

Nada máis chegar ao incidente a primeira AA-SVA-M do 061 que é responsable da xestión do IMV, converterase no **Posto de Mando Sanitario**. Así mesmo, constituirase como punto de referencia para quen se incorpore á escena.

Dende aquí o Mando Sanitario coordinará todas as actuacións asistenciais e distribuirá os diferentes roles entre o persoal sanitario presente no punto.

2.1.4 Organización do equipo: designación de roles en situacións de IMV ou por decisión do Mando Sanitario. Os roles indispensables a designar en calquera IMV de nivel I ou superior son:

- Mando Sanitario.
- Responsable de Triaxe.
- Responsable de Parking.
- Responsable de Comunicacions / Evacuacións (provisional ata designación doutro).

INSTRUCCIÓN IO6-02	Edición: 06
CONTROL DO ESCENARIO EN IMV	
<i>Responsable: Dirección Asistencial</i>	

Outros roles que se designarán, en función da natureza do IMV, son:

- Responsable de Asistencia.
- Responsable de Evacuacións.
- Responsable de Verdes (designado polo Responsable de Triaxe).

2.1.4.1 Mando Sanitario: este rol será desenvolvido polo xefe do equipo asistencial da AA-SVA-M responsable da xestión do IMV (casco vermello, peto vermello mando sanitario, teléfono, TETRA compartido co responsable de Comunicacións e walkie-talkie), ata que sexa relevado de dita función por outra persoa designada pola Dirección Asistencial. Só haberá un casco e peto vermello, distintivo de autoridade sanitaria no punto. O resto de persoal médico da FPUSG-061 que se incorporen a escena utilizarán o casco corporativo habitual (laranxa). O Mando Sanitario comunicarase coa CCUSG-061 co telefono móbil do recurso, e co TETRA e walkie-talkie co resto de equipo. Se houberse algún cambio nos medios de comunicación ou se delegase as comunicacións noutra persoa, será notificado á CCUSG-061.

Responsabilidades específicas:

Veñen definidas no checklist de Mando Sanitario (Anexo II).

- Asignación de roles e reparto de tarefas e material dentro do propio equipo e dos seguintes en chegar de ser necesario.
- Co resto do equipo dimensionar o problema e identificar riscos.
- Coordinación coa CCUSG-061 e información da situación.
- Solicitar os apoios necesarios (materiais e/ou recursos).
- No caso de que necesite material e o VAL non fose mobilizado, solicitará a súa mobilización á CCUSG-061.
- Valorar, xunto co responsable da CCUSG-061 a necesidade de mobilización de hospitais de campaña de organismos externos (AXEGA, Cruz Vermella, Protección Civil).

INSTRUCCIÓN IO6-02	Edición: 06
CONTROL DO ESCENARIO EN IMV	
<i>Responsable: Dirección Asistencial</i>	

- Coordinar a resposta sanitaria no lugar cos outros servizos implicados (Grupo de Intervención, Grupo Sanitario e de Acción social, Grupo de Apoio Loxístico e Seguridade e Grupo de Apoio Técnico e Rehabilitación de Servizos Especiais) formando parte do Posto de Mando Avanzado. Definir xunto co resto do equipo as zonas de despregue da área de socorro.
- Valorar o uso de dispositivos de comunicación adicionais dentro da escena tipo Walkie talkie asignando aos usuarios dos mesmos segundo necesidades organizativas.
- Informarse do resultado xeral ou parcial (no momento da chegada a escena) de calquera triaxe básica que se realizase.
- En eventos de gran desproporción, cando resulte precisa unha priorización para o rescate ordenado de vítimas, delegar a organización da triaxe básica no responsable de Triaxe.
- Delegar a organización ou organizar a nora de padiolas das vítimas dende a área de rescate ou dende o niño de feridos ata a área de socorro.
- Actividade asistencial, se non hai posibilidade de delegar noutros equipos, unha vez aseguradas as tarefas organizativas.
- Decidir, xunto coa CCUSG-061, o peche do dispositivo, unha vez rematada a evacuación de todas as vítimas.
- Informe global do desenvolvemento da atención prestada.

No caso de que o IMV se prolongue no tempo, e sexa necesaria a activación de recursos de relevo para o persoal que inicialmente comezou a actuación no IMV o Mando Sanitario definirá que persoal substituirá a cada compoñente dos equipos. En caso de necesidade de relevo dos equipos asistenciais no punto do IMV seguirase o indicado na instrución: IO6-03 (IT.ASI.28). Activación do persoal asistencial en caso de IMV na Comunidade Autónoma Galega, e nas súas modificacións.

INSTRUCCIÓN IO6-02	Edición: 06
CONTROL DO ESCENARIO EN IMV	
<i>Responsable: Dirección Asistencial</i>	

2.1.4.2 Responsable de Triaxe: este rol será desenvolvido polo persoal de enfermería da AA-SVA responsable da xestión do IMV (casco laranxa, peto triaxe amarelo de alta visibilidade e walkie-talkie). Só haberá un peto amarelo, distintivo do responsable de triaxe no punto.

Responsabilidades específicas:

Veñen definidas no checklist do responsable de Triaxe, así como o material e rexistros a empregar (Anexo III).

- Despregue e organización da área de socorro.
- Realizar a triaxe básica tipo SHORT no caso de que non estivese feita, colocando a pulseira de triaxe que indique a prioridade de rescate asignada.
- Supervisión de triaxe básica previamente realizada se houber.
- Informar ao Mando Sanitario do número de vítimas totais, do número de vítimas por prioridade resultado da triaxe e dos tempos da triaxe.
- Supervisar e organizar, no seu caso, o control de vítimas leves asignando persoal ao seu coidado (responsable de Verdes).
- Actividade asistencial, se non hai posibilidade de delegar noutros equipos.
- Apoio nas tarefas de comunicación, rexistro e informe de situación que lle solicite o Mando Sanitario.

2.1.4.3 Responsable de Parking: este rol será desenvolvido polo persoal TES condutor (casco azul, peto amarelo de alta visibilidade, Tetra 2, teléfono) da AA-SVA responsable da Xestión do IMV, ou en caso de que este recurso sexa un helicóptero, o persoal condutor da primeira ambulancia asistencial de Soporte Vital Básico (AA-SVB) en chegar ao punto.

Será designado, en caso de necesidade, polo Mando Sanitario. Comunicarase co Tetra e co teléfono.

Responsabilidades específicas:

Veñen definidas no checklist do responsable de Parking, así como os rexistros a empregar (Anexos VI e VII).

INSTRUCCIÓN IO6-02	Edición: 06
CONTROL DO ESCENARIO EN IMV	
<i>Responsable: Dirección Asistencial</i>	

- Organizar e coordinar as actividades de transporte sanitario: nora de ambulancias, rutas de acceso e regreso, etc.
- Indicarlle a todas as ambulancias que cheguen ao punto onde estacionar o vehículo, que os condutores queden nas ambulancias, e recordarlle aos TES axudantes que leven os seus tetras. Dar as instrucións encomendadas polo Mando Sanitario.
- Informar ao locutor responsable do IMV na CCUSG-061 das vías de acceso ao lugar do sinistro
- Informar ao Mando Sanitario acerca das necesidades de transporte e do inventario de ambulancias dispoñibles na nora.
- Cumprimentar a folla de rexistro de Parking.
- Apoio continuo ás labores organizativas do Mando Sanitario.

2.1.4.4 Responsable de Comunicaci3ns: este rol ser3 desenvolvido polo persoal TES axudante da AA-SVA responsable da xesti3n do IMV (casco azul, **peto amarelo de alta visibilidade**, tel3fono, walkie-talkie e Tetra 3, compartido co Mando Sanitario). Realizar3 tam3n as funci3ns de responsable de Evacuaci3ns ata a chegada de m3is recursos asistenciais.

De ser un helic3ptero a primeira USVA en chegar ao punto, o responsable de Comunicaci3ns ser3 o persoal TES axudante da primeira AA-SVB designada como apoio.

No caso de AA-SVA-M con dotaci3n de tres persoas o responsable de Comunicaci3ns ser3 o persoal TES axudante da primeira AA-SVB en chegar ao punto, ou quen o Mando Sanitario designe.

Responsabilidades espec3ficas:

- Asistir principalmente ao Mando Sanitario encarg3ndose de recoller e transmitir as petici3ns e informaci3ns que procedan do resto de

INSTRUCCIÓN IO6-02	Edición: 06
CONTROL DO ESCENARIO EN IMV	
<i>Responsable: Dirección Asistencial</i>	

responsables intervinientes na escena: parking evacuacións, triaxe, asistencia, ...

Outros roles (a definir en caso de necesidade)

2.1.4.5 Responsable de Evacuacións: inicialmente mentres non cheguen ao punto máis recursos será o responsable de Comunicacóns xunto co Mando Sanitario o que asuma estas funcións. Cando cheguen ao punto outros recursos, asumirá este rol, de ser posible, un médico (casco **laranxa**, peto **amarelo de alta visibilidade**, Tetra 2 ou 3 do seu recurso e teléfono).

Responsabilidades específicas:

Veñen definidas no checklist do responsable de Evacuacións, así como os rexistros a empregar. (Anexos V e VIII).

- Solicitar á CCUSG-061 o destino das vítimas preparadas para traslado transmitindo a información que achegue o responsable de Asistencia sobre a súa cor de prioridade e lesións.
- Solicitar ao responsable de Parking o recurso axeitado para a evacuación da vítima.
- Cumprimentar a folla de rexistro de evacuacións.

2.1.4.6 Responsable da Asistencia: este rol será desenvolvido polo persoal médico do 2º recurso de SVA que chegue ao escenario (casco **laranxa**, **peto amarelo de alta visibilidade**, Tetra 3 da súa ambulancia e teléfono) podendo ser asumida inicialmente polo Mando Sanitario ou polo responsable de Triaxe en determinadas circunstancias (atraso de chegada doutro médico para asumir a tarefa).

Responsabilidades específicas:

Veñen definidas no checklist do responsable de Asistencia, así como o material e os rexistros a empregar. (Anexo IV).

INSTRUCCIÓN IO6-02	Edición: 06
CONTROL DO ESCENARIO EN IMV	
<i>Responsable: Dirección Asistencial</i>	

- Organizar a área de socorro en función da prioridade de estabilización (código de cores).
- Establecer estratexia asistencial en función da natureza e desenvolvemento do IMV (designación de responsables de zona vermella e amarela).
- Asegurar a valoración de cada vítima e iniciar estabilización inicial segundo prioridade asignada na triaxe.
- Supervisar o traballo dos equipos que colaboran na área asistencial, repartindo tarefas entre os mesmos.
- Priorizar a orde de evacuación das vítimas utilizando a triaxe de evacuación da FPUSG-061.
- Asegurar o rexistro asistencial na tarxeta de triaxe.
- Preparar a vítima para o transporte.
- Informar ao responsable de Evacuacións das necesidades da vítima para o traslado.

2.1.4.7. Responsable de Verdes: designado polo responsable de Triaxe en función da natureza do IMV. Na medida do posible, será asignado ao persoal TES.

Responsabilidades específicas:

- Buscar unha ubicación axeitada para estes pacientes, de acordo co responsable de Triaxe.
- Valoración continua do estado do paciente catalogado como verde.
- Rexistro e filiación dos pacientes ao seu cargo (Anexo IX).

2.2. ORGANIZACIÓN DO ESCENARIO

2.2.1 Sectorización:

Establecemento das áreas organizativo-asistenciais que funcionalmente (isto non implica necesariamente espazos físicos diferenciados) se deben definir no lugar do sinistro, e que despois axudarán no desenvolvemento da asistencia sanitaria.

INSTRUCCIÓN IO6-02	Edición: 06
CONTROL DO ESCENARIO EN IMV	
<i>Responsable: Dirección Asistencial</i>	

O Mando Sanitario, en coordinación co resto de servizos de emerxencias implicados na resolución do accidente establecerá as áreas de sectorización. De ser unha AA-SVA-E o primeiro recurso en chegar ao punto, o persoal de enfermaría e o persoal TES encargaranse da organización e sectorización do lugar do incidente e realización da triaxe básica tipo SHORT. En ausencia doutros servizos, a sectorización será desenvolvida polo persoal TES xunto co resto de accións organizativas.

Estas áreas son:

- **Área de salvamento:**

Punto de maior impacto da agresión. É onde ten lugar o primeiro contacto coas vítimas, triaxe básica, rescate e transporte inicial das vítimas.

Trátase dunha zona potencialmente insegura na que inicialmente só deben acceder os equipos capacitados para o control dos riscos e delimitar a escena arredor da devandita área (bombeiros, FCSE, PC).

Priorizarase a seguridade de rescatadores, público e vítimas, por esa orde.

As actuacións a desenvolver nesta área serán:

- Illar e controlar o sinistro.
- Busca de superviventes.
- Retirada das vítimas de danos potenciais.
- Rescate dos atrapados.

Unha vez garantida a seguridade nesta área poderá acceder á mesma o persoal sanitario se a súa presenza fose necesaria (realización da primeira triaxe nalgúns casos, asesorar ós equipos de Salvamento, participación en nora de padiolas, atención a vítimas atrapadas en espera de rescate, sempre sen esquecer que prevalece o beneficio do conxunto das vítimas, etc.).

As accións terapéuticas nesta área serán exclusivamente manobras salvadoras, dirixidas a manter a vía aérea permeable e control de hemorrxias externas.

Desta área parte a primeira nora de vítimas cara a próxima de socorro.

INSTRUCCIÓN IO6-02	Edición: 06
CONTROL DO ESCENARIO EN IMV	
<i>Responsable: Dirección Asistencial</i>	

- **Área de socorro:** dirixida polo responsable de Asistencia.

Área onde se desprega o material sanitario, recíbese ás vítimas, e se desenvolve a asistencia sanitaria. Nesta área estableceuse as seguintes estruturas asistenciais:

- ✓ **Zona de triaxe:** ubicada na entrada do Posto Sanitario Avanzado. Nesta zona realizaranse os dous primeiros pasos da triaxe META (valoración primaria con xestos salvadores e determinación de prioridade cirúrxica das vítimas).
- ✓ **Zona de estabilización e tratamento ou Posto Sanitario Avanzado (PSA):** estableceranse dúas zonas, unha para a estabilización das vítimas clasificadas con prioridade vermella e outra para as amarelas. Os pacientes verdes permanecerán nun punto próximo a esta zona onde podan ser vixiados.

Nesta zona habilitarase un acceso de vehículos para o posto de carga.

Nos casos de emerxencias nivel 1, nas que non concorran riscos engadidos para o persoal sanitario e a área de salvamento sexa segura, o Mando Sanitario poderá definir o solapamento físico da área de salvamento e a área de socorro, previo consenso co resto de responsables de servizos de emerxencia implicados.

- **Área de base:** nesta área ubicarase dúas estruturas:

Posto de Mando Avanzado: ten como fin dirixir e coordinar as actuacións dos medios e recursos que interveñan no lugar da emerxencia. Na súa estrutura establécense os seguintes Grupos Operativos:

- Grupo de Intervención.
- Grupo Sanitario e de Acción Social.
- Grupo de Apoio Loxístico e Seguridade.
- Grupo de Apoio Técnico e Rehabilitación de Servizos esenciais.

CONTROL DO ESCENARIO EN IMV

Responsable: Dirección Asistencial

Parking de ambulancias: dirixido polo responsable de Parking, que garantirá que non obstaculicen a chegada doutros vehículos.



Imaxe 1. Esquema de sectorización en IMV

INSTRUCCIÓN IO6-02	Edición: 06
CONTROL DO ESCENARIO EN IMV	
<i>Responsable: Dirección Asistencial</i>	

2.3 DESPREGUE SANITARIO

Dirixido polo responsable de Triaxe ou polo responsable de Asistencia se xa estivese definido. Deberá realizar, indicar ou delegar accións encamiñadas a garantir o adecuado despregue do material sanitario na área de socorro.

O despregue implica as mochilas, as huchas (Anexo I), botellas de osíxeno e calquera outro material que eventualmente poida ser requirido.

2.4 INTEGRACIÓN DO RESTO DE EQUIPOS ASISTENCIAIS NO ESCENARIO

Segunda AA-SVA da FPUSG-061 e seguintes:

Unha vez que cheguen ao punto, o persoal sanitario e o persoal TES do segundo e seguintes recursos, presentaranse ao responsable de Parking que lles indicará onde deixar os vehículos, comunicará a chegada do persoal ao Mando Sanitario e este indicará a onde debe dirixilos e que material deben levar. O persoal médico da 2ª AA-SVA será habitualmente o responsable da asistencia do PSA.

Resto de ambulancias (AA-SVB da RTSUG-061 e outras):

Unha vez no lugar, anunciarán a súa presenza ao responsable de Parking (se xa estivera identificado ou no seu defecto ao Mando Sanitario), quen lles asignará unha identificación, (no caso das AA-SVB da RTSUG-061 o número de trunking, nas outras o número da matrícula), indicarlles o lugar onde deben estacionar e, por indicación do Mando Sanitario, as tarefas que deben realizar.

- Se son requiridos para efectuar un traslado, acudirán ao posto de carga, anunciarán a súa chegada ao responsable de Evacuacións, recollerán a vítima coa súa tarxeta de rexistro cumprimentada e atenderán as indicacións que fose preciso realizar durante o traslado da vítima.
- En cada traslado comunicarán á CCUSG-061, sempre que sexa posible, os datos da vítima, a cor de prioridade de evacuación e o número de tarxeta.
- Rexistrar os números de tarxeta e os datos posibles das vítimas trasladadas.

INSTRUCCIÓN IO6-02	Edición: 06
CONTROL DO ESCENARIO EN IMV	
<i>Responsable: Dirección Asistencial</i>	

- Ao finalizar cada traslado, reporán a súa ambulancia no menor tempo posible e poranse a disposición da CCUSG-061.

Equipos de Atención Primaria: presentaranse ao responsable de Parking, que lle comunicará ao Mando Sanitario a súa chegada, sendo este último quen lles asignará as tarefas a realizar.

En caso de chegar antes da primeira AA-SVA, asumirán as funcións do Mando Sanitario e comezarán a organizar a escena segundo as súas posibilidades e seguindo o procedemento, co apoio dos recursos da RTSUG-061 que poidan estar presentes. Neste caso as súas tarefas son:

- Presentarse aos mandos de bombeiros e FCSE, asumindo o Mando Sanitario ata ser relevados.
- Informarse e valorar a situación para informar á CCUSG-061.
- Iniciar a organización das áreas.
- Organizar a triaxe básica se non se fixo e agrupar as vítimas.
- Comezar se é posible a estabilización de feridos por orde de prioridade.
- Informar ao Mando Sanitario a súa chegada, pasando a desenvolver as funcións que se lles encomenden.

Equipos de Cruz Vermella e de Protección Civil asistenciais: o responsable de Parking indicarlles onde esta a área de socorro. Presentaranse ao responsable de Asistencia onde lles asignarán as tarefas a realizar (acompañamento de pacientes, camilleo, evacuación, transporte...).

3.- DEFINICIÓNS

IMV: Considérase IMV calquera emerxencia sanitaria onde se estea a producir unha desproporción entre necesidades asistenciais e recursos dispoñibles.

En función do número de vítimas estableceremos distintos niveis:

- **Emerxencia nivel 0:** de 5 a 9 vítimas.
- **Emerxencia nivel 1:** de 10 a 25 vítimas.

INSTRUCCIÓN IO6-02	Edición: 06
CONTROL DO ESCENARIO EN IMV	
<i>Responsable: Dirección Asistencial</i>	

- **Emerxencia nivel 2:** de 26 a 50 vítimas.
- **Emerxencia nivel 3:** > de 50 vítimas.

4.- REXISTROS

Folla de Xestión de IMV.
Rexistro de Parking.
Rexistro de Evacuacións.
Rexistro de Verdes.

5. ANEXOS

ANEXO I. Material de IMV das AA-SVA.
ANEXO II. Checklist Mando Sanitario.
ANEXO III. Checklist responsable de Triaxe.
ANEXO IV. Checklist responsable de Asistencia.
ANEXO V. Checklist responsable de Evacuacións.
ANEXO VI. Checklist responsable de Parking.
ANEXO VII. Rexistro de Parking.
ANEXO VIII. Rexistro de Evacuacións.
ANEXO IX. Rexistro de Verdes.
ANEXO X. Esquema comunicacións en IMV.
ANEXO XI. Informe final IMV.



INSTRUCCIÓN IO6-02

Edición: 06

CONTROL DO ESCENARIO EN IMV

Responsable: Dirección Asistencial

ANEXO I
Material de IMV das AA-SVA

- **Medicación: nas USVA**
 - Ketamina 500 mg/10ml
 - Fentanilo 150 mcg/3ml
 - Cloruro mórfico 10 mg/1ml
 - Midazolam 15 mg/3ml
 - Etomidato 20mg/10ml

- **Mochila triaxe:**
 - Tesoiras corta roupa
 - 2 cánulas orofarinxeas de cada tamaño
 - 10 compresas
 - 2 venda crepé 10*10
 - Esparadrapo
 - 2 rotuladores tinta indeleble 0,5
 - Asubíos
 - Pulseiras de cores para triaxe SHORT

- **Mochila Mando Sanitario / Comunicaci3ns:**
 - Chalecos:
 - Mando sanitario
 - Triaxe
 - Parking
 - Comunicaci3ns
 - Asistencia
 - Evacuaci3ns
 - Carpetas Checklists
 - Mando sanitario/Comunicaci3ns
 - Triaxe /registro verdes
 - Parking /registros
 - R. Asistencia
 - R. Evacuaci3n/registros
 - Walki talkie
 - Asubío
 - Bloc tarxetas triaxe
 - Bolígrafos
 - Cinta balizamento

INSTRUCCIÓN IO6-02	Edición: 06
CONTROL DO ESCENARIO EN IMV	
<i>Responsable: Dirección Asistencial</i>	

ANEXO II
Checklist Mando Sanitario

MANDO SANITARIO + R. COMUNICACIONES CHECK LIST									
1	<p>REPARTO DE ROLES</p> <table border="0"> <tr> <td><input type="checkbox"/> TRIAXE</td> <td><input type="checkbox"/> EVACUACIÓN</td> </tr> <tr> <td><input type="checkbox"/> COMUNICACIÓN</td> <td><input type="checkbox"/> VERDES</td> </tr> <tr> <td><input type="checkbox"/> PARKING</td> <td><input type="checkbox"/> NORA DE PADIOLAS</td> </tr> <tr> <td><input type="checkbox"/> ASISTENCIA</td> <td></td> </tr> </table>	<input type="checkbox"/> TRIAXE	<input type="checkbox"/> EVACUACIÓN	<input type="checkbox"/> COMUNICACIÓN	<input type="checkbox"/> VERDES	<input type="checkbox"/> PARKING	<input type="checkbox"/> NORA DE PADIOLAS	<input type="checkbox"/> ASISTENCIA	
<input type="checkbox"/> TRIAXE	<input type="checkbox"/> EVACUACIÓN								
<input type="checkbox"/> COMUNICACIÓN	<input type="checkbox"/> VERDES								
<input type="checkbox"/> PARKING	<input type="checkbox"/> NORA DE PADIOLAS								
<input type="checkbox"/> ASISTENCIA									
2	<p>DIMENSIONAR CO EQUIPO</p> <table border="0"> <tr> <td><input type="checkbox"/> N.º VÍTIMAS</td> <td><input type="checkbox"/> PERIGOS ENGADIDOS</td> </tr> </table>	<input type="checkbox"/> N.º VÍTIMAS	<input type="checkbox"/> PERIGOS ENGADIDOS						
<input type="checkbox"/> N.º VÍTIMAS	<input type="checkbox"/> PERIGOS ENGADIDOS								
3	<p>INFORMAR CENTRAL</p> <table border="0"> <tr> <td><input type="checkbox"/> RECURSOS</td> <td><input type="checkbox"/> VOLUNTARIOS 061</td> </tr> <tr> <td><input type="checkbox"/> VAL</td> <td><input type="checkbox"/> CRUZ VERMELLA</td> </tr> <tr> <td></td> <td><input type="checkbox"/> PROTECCIÓN CIVIL</td> </tr> </table>	<input type="checkbox"/> RECURSOS	<input type="checkbox"/> VOLUNTARIOS 061	<input type="checkbox"/> VAL	<input type="checkbox"/> CRUZ VERMELLA		<input type="checkbox"/> PROTECCIÓN CIVIL		
<input type="checkbox"/> RECURSOS	<input type="checkbox"/> VOLUNTARIOS 061								
<input type="checkbox"/> VAL	<input type="checkbox"/> CRUZ VERMELLA								
	<input type="checkbox"/> PROTECCIÓN CIVIL								
4	<p>OUTROS MANDOS</p> <p>MODO COMUNICACIÓN</p> <table border="0"> <tr> <td><input type="checkbox"/> GRUPO DE INTERVENCIÓN</td> </tr> <tr> <td><input type="checkbox"/> GRUPO DE APOIO LOXÍSTICO E SEGURIDADE</td> </tr> <tr> <td><input type="checkbox"/> GRUPO DE APOIO TÉCNICO</td> </tr> </table>	<input type="checkbox"/> GRUPO DE INTERVENCIÓN	<input type="checkbox"/> GRUPO DE APOIO LOXÍSTICO E SEGURIDADE	<input type="checkbox"/> GRUPO DE APOIO TÉCNICO					
<input type="checkbox"/> GRUPO DE INTERVENCIÓN									
<input type="checkbox"/> GRUPO DE APOIO LOXÍSTICO E SEGURIDADE									
<input type="checkbox"/> GRUPO DE APOIO TÉCNICO									
5	<p>INICIAR/DELEGAR ORGANIZACIÓN ÁREAS</p> <table border="0"> <tr> <td><input type="checkbox"/> ÁREA ASISTENCIA</td> <td><input type="checkbox"/> DELIMITAR ÁREA DE RESCATE</td> </tr> <tr> <td><input type="checkbox"/> ÁREA AMBULANCIAS</td> <td></td> </tr> </table>	<input type="checkbox"/> ÁREA ASISTENCIA	<input type="checkbox"/> DELIMITAR ÁREA DE RESCATE	<input type="checkbox"/> ÁREA AMBULANCIAS					
<input type="checkbox"/> ÁREA ASISTENCIA	<input type="checkbox"/> DELIMITAR ÁREA DE RESCATE								
<input type="checkbox"/> ÁREA AMBULANCIAS									
6	<p>OUTROS</p> <table border="0"> <tr> <td><input type="checkbox"/> XESTIÓN VOLUNTARIOS CON GRUPO DE APOIO LOXÍSTICO E SEGURIDADE</td> </tr> <tr> <td><input type="checkbox"/> INTEGRARSE NO PMA</td> <td>HORA <input type="text"/> : <input type="text"/></td> </tr> <tr> <td><input type="checkbox"/> INFORMAR AO EQUIPO FINALIZACIÓN RESCATE</td> </tr> </table>	<input type="checkbox"/> XESTIÓN VOLUNTARIOS CON GRUPO DE APOIO LOXÍSTICO E SEGURIDADE	<input type="checkbox"/> INTEGRARSE NO PMA	HORA <input type="text"/> : <input type="text"/>	<input type="checkbox"/> INFORMAR AO EQUIPO FINALIZACIÓN RESCATE				
<input type="checkbox"/> XESTIÓN VOLUNTARIOS CON GRUPO DE APOIO LOXÍSTICO E SEGURIDADE									
<input type="checkbox"/> INTEGRARSE NO PMA	HORA <input type="text"/> : <input type="text"/>								
<input type="checkbox"/> INFORMAR AO EQUIPO FINALIZACIÓN RESCATE									
7	<p>RECABAR INFORMACIÓN</p> <table border="0"> <tr> <td><input type="checkbox"/> RESULTADO TRIAXE</td> <td><input type="checkbox"/> INFORMAR CCUS</td> </tr> <tr> <td><input type="checkbox"/> REXISTRO VERDES</td> <td><input type="checkbox"/> INFORMAR NO PMA</td> </tr> <tr> <td><input type="checkbox"/> REXISTRO EVACUACIÓN</td> <td></td> </tr> <tr> <td><input type="checkbox"/> REXISTRO PARKING</td> <td></td> </tr> </table>	<input type="checkbox"/> RESULTADO TRIAXE	<input type="checkbox"/> INFORMAR CCUS	<input type="checkbox"/> REXISTRO VERDES	<input type="checkbox"/> INFORMAR NO PMA	<input type="checkbox"/> REXISTRO EVACUACIÓN		<input type="checkbox"/> REXISTRO PARKING	
<input type="checkbox"/> RESULTADO TRIAXE	<input type="checkbox"/> INFORMAR CCUS								
<input type="checkbox"/> REXISTRO VERDES	<input type="checkbox"/> INFORMAR NO PMA								
<input type="checkbox"/> REXISTRO EVACUACIÓN									
<input type="checkbox"/> REXISTRO PARKING									
8	<p>FINALIZACIÓN</p> <table border="0"> <tr> <td><input type="checkbox"/> INFORMAR FINALIZACIÓN ASISTENCIA</td> </tr> <tr> <td><input type="checkbox"/> INFORMAR FINALIZACIÓN SERVICIO</td> </tr> </table>	<input type="checkbox"/> INFORMAR FINALIZACIÓN ASISTENCIA	<input type="checkbox"/> INFORMAR FINALIZACIÓN SERVICIO						
<input type="checkbox"/> INFORMAR FINALIZACIÓN ASISTENCIA									
<input type="checkbox"/> INFORMAR FINALIZACIÓN SERVICIO									

INSTRUCCIÓN IO6-02	Edición: 06
CONTROL DO ESCENARIO EN IMV	
<i>Responsable: Dirección Asistencial</i>	

ANEXO III
Checklist responsable de Triaxe

RESPONSABLE DE TRIAXE

1

TRIAXE DE RESCATE

¿TRIAXE INICIADO?

BUSCAR UBICACIÓN PARA PACIENTES VERDES

DESIGNAR RESPONSABLE VERDES

ORGANIZAR OU CONTINUAR TRIAXE DE RESCATE

MOCHILA

PULSERAS

2

ORGANIZACIÓN DA NORA DE PADIOLAS CARA A ÁREA DE ESTABILIZACIÓN

TES

PROTECCIÓN CIVIL

CRUZ VERMELLA

3

FINALIZACIÓN DO TRIAXE DE RESCATE


NÚMERO DE VÍTIMAS

INFORMAR AO MANDO SANITARIO

INCORPORARSE Á ÁREA ASISTENCIAL COMO RESPONSABLE DE APOIO LOXÍSTICO OU SEGÚN NECESIDADES

HORA INICIO TRIAXE :

HORA FIN TRIAXE :



INSTRUCCIÓN IO6-02	Edición: 06
CONTROL DO ESCENARIO EN IMV	
<i>Responsable: Dirección Asistencial</i>	

ANEXO IV

Checklist responsable de Asistencia

RESPONSABLE DE ASISTENCIA	
1	<p>ORGANIZACIÓN DA ÁREA DE SOCORRO</p> <p>SECTORIZAR ÁREAS DE ASISTENCIA POR PRIORIDADE DE ESTABILIZACIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> ESTABLECER ÁREA DE TRIAXE DE ESTABILIZACIÓN <input type="checkbox"/> PRIORIZAR PACIENTES VALORACIÓN CIRÚRXICA PRECOZ <input type="checkbox"/> SINALIZACIÓN ÁREA VERMELLA <input type="checkbox"/> SINALIZACIÓN ÁREA AMARELA <input type="checkbox"/> ESTABLECER PUNTO DE CARGA
2	<p>DESPREGUE DO MATERIAL</p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> DESPREGUE MOCHILAS <input type="checkbox"/> ARCÓNS <input type="checkbox"/> FÁRMACOS CATÁSTROFES
3	<p>DESIGNAR RESPONSABLES</p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> RESPONSABLE ZONA VERMELLA <input type="checkbox"/> RESPONSABLE ZONA AMARELA
4	<p>EVACUACIÓN VÍTIMA TRAS ESTABILIZACIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> COMPROBAR REXISTRO TARXETA <input type="checkbox"/> COMPROBAR TRIAXE DE EVACUACIÓN <input type="checkbox"/> SOLICITAR EVACUACIÓN
5	<p>FINALIZADA A ASISTENCIA</p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> INFORMAR AO MANDO SANITARIO <input type="checkbox"/> ORGANIZAR A RECOLLIDA DO MATERIAL UTILIZADO

INSTRUCCIÓN IO6-02	Edición: 06
CONTROL DO ESCENARIO EN IMV	
<i>Responsable: Dirección Asistencial</i>	

ANEXO V
Checklist responsable de Evacuacións

RESPONSABLE DE EVACUACIÓN

1 ORGANIZAR A EVACUACIÓN

- DETERMINAR/SINALIZAR PUNTO DE CARGA
- CUBRIR REXISTRO DE EVACUACIÓN
- INFORMAR E SOLICITAR DESTINOS Á CCUS
- SOLICITAR RECURSO AXEITADO A RESPONSABLE DE PARKING
- DAR INDICACIÓN PARA O TRASLADO
- COMPROBAR FOLLA REGISTRO IMV

2 FINALIZACIÓN EVACUACIÓN

- INFORMAR AO MANDO SANITARIO
- ENTREGAR REXISTRO DE EVACUACIÓN AO MANDO SANITARIO

DOCUMENTO
ADXUNTO

061
URXENCIAS
SANITARIAS

REGISTRO DE EVACUACIONES

FOLLA Nº	PREV. EVACUACIÓN	CLASIFIC.	AREA	TIPO	COORDINADOR	ENCARGADO	ENCARGADO	ENCARGADO
1								
2								
3								
4								
5								
6								
7								
8								
9								
10								
11								
12								
13								
14								
15								
16								
17								
18								
19								
20								
21								
22								
23								
24								
25								
26								
27								
28								
29								
30								
31								
32								
33								
34								
35								
36								
37								
38								
39								
40								
41								
42								
43								
44								
45								
46								
47								
48								
49								
50								
51								
52								
53								
54								
55								
56								
57								
58								
59								
60								
61								
62								
63								
64								
65								
66								
67								
68								
69								
70								
71								
72								
73								
74								
75								
76								
77								
78								
79								
80								
81								
82								
83								
84								
85								
86								
87								
88								
89								
90								
91								
92								
93								
94								
95								
96								
97								
98								
99								
100								

061
URXENCIAS
SANITARIAS

INSTRUCCIÓN IO6-02	Edición: 06
CONTROL DO ESCENARIO EN IMV	
<i>Responsable: Dirección Asistencial</i>	

ANEXO VI
Checklist responsable de Parking

RESPONSABLE PARKING



VERIFICAR

- INDICAR RUTAS DE ACCESO A LOCUTOR CCUS
- ORGANIZAR PARKING DE AMBULANCIAS E NORA
- ASEGURAR QUE OS TES QUE SE VAN INCORPORANDO LEVAN A SÚA TETRA
- CUBRIR REXISTRO PARKING
(UNHA VEZ FINALIZADO ENTREGAR A MANDO SANITARIO)
- COMUNICACIÓNS
 - R. EVACUACIÓNS
 - RECURSOS
 - MANDO SANITARIO
(SÓLO PARA SOLICITAR RECURSOS)

DOCUMENTO ADXUNTO

REXISTRO DE PARKING					
RECIBO	EMERGENCIA	ORIGEN	TELÉFONO	FECHA (HORA)	FECHA (HORA)
1					
2					
3					
4					
5					
6					
7					
8					
9					
10					
11					
12					
13					
14					
15					
16					
17					
18					
19					
20					
21					
22					
23					
24					
25					

INSTRUCCIÓN IO6-02	Edición: 06
CONTROL DO ESCENARIO EN IMV	
<i>Responsable: Dirección Asistencial</i>	

ANEXO VII
Rexistro de Parking

REXISTRO DE PARKING

	RECURSO	MATRÍCULA	BASE	TELÉFONO	HORA CHEGADA	HORA MOVILIZACIÓN
1						
2						
3						
4						
5						
6						
7						
8						
9						
10						
11						
12						
13						
14						
15						
16						
17						
18						
19						
20						
21						
22						
23						
24						
25						
RESPONSABLE					DATA	

INSTRUCCIÓN IO6-02	Edición: 06
CONTROL DO ESCENARIO EN IMV	
<i>Responsable: Dirección Asistencial</i>	

ANEXO VIII
Registro de Evacuacións

REGISTRO DE EVACUACIONES

N.º FOLLA IMV	NOME E APELIDOS	RECURSO	HORA	DESTINO	CLASIFICACIÓN	MÉDICO/ENFERMEIRO	SOSPETA DIAGNÓSTICA
1					■ ■ ■		
2					■ ■ ■		
3					■ ■ ■		
4					■ ■ ■		
5					■ ■ ■		
6					■ ■ ■		
7					■ ■ ■		
8					■ ■ ■		
9					■ ■ ■		
10					■ ■ ■		
11					■ ■ ■		
12					■ ■ ■		
13					■ ■ ■		
14					■ ■ ■		
15					■ ■ ■		

DATA	RESPONSABLE	TOTALES
HORA INICIO		■ ■ ■
HORA FIN		

INSTRUCCIÓN IO6-02	Edición: 06
CONTROL DO ESCENARIO EN IMV	
<i>Responsable: Dirección Asistencial</i>	

ANEXO IX
Rexistro de Verdes

REXISTRO DE CLASIFICADOS


DATA	
HORA FIN	
HORA ENTREGA MS	

	N.º HOJA IMV	NOMBRE	APELLIDOS	DNI	IN SITU	EVACUADO
1						
2						
3						
4						
5						
6						
7						
8						
9						
10						
11						
12						
13						
14						
15						

RESPONSABLE

INSTRUCCIÓN IO6-02	Edición: 06
CONTROL DO ESCENARIO EN IMV	
<i>Responsable: Dirección Asistencial</i>	

ANEXO X
Esquema comunicacions en IMV



INSTRUCCIÓN IO6-02	Edición: 06
CONTROL DO ESCENARIO EN IMV	
<i>Responsable: Dirección Asistencial</i>	

ANEXO XI Informe Final IMV

FUNDACION PÚBLICA URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA-061		FOLLA DE XESTIÓN DE IMV	
RECURSO MÉDICA/O	DATA	ENFERMEIRA/O	
TES-C	TES-A		
LOCALIZACIÓN			
RUA/LUGAR			Nº
LOCALIDADE	CONCELLO		
ESTRADA	P.KM	SENTIDO	
CONTROL DO ESCENARIO			
CAUSA ACTIVACIÓN	H. ACTIVACIÓN	:	
DESCRIPCIÓN DO INCIDENTE	H. MOBILIZACIÓN	:	
	H. CHEGADA	:	
	HORA 1º INF. CCUSG-061	:	
	H. INICIO TRIAXE	:	
	H. FIN TRIAXE	:	
	H. PMA	:	
	HORA 1º EVACUACIÓN	:	
M. SANITARIO	R. TRIAXE	:	
R. PARKING	R. COMUNICACIÓN	H. FIN IMV	:
NIVEL EMERXENCIA (Nº VÍTIMAS)	0 (5-10) <input type="checkbox"/>	1 (10-25) <input type="checkbox"/>	2 (25-50) <input type="checkbox"/> 3 (> 50) <input type="checkbox"/>
INTERVENIENTES Á CHEGADA:	BOMBEIROS <input type="checkbox"/>	FCSE <input type="checkbox"/>	AA-SVB <input type="checkbox"/> AP/PAC <input type="checkbox"/>
SECTORIZACIÓN:	BOMBEIROS <input type="checkbox"/>	FCSE <input type="checkbox"/>	061 <input type="checkbox"/>
RISCOS IDENTIFICADOS:			
OUTROS ROLES			
R. ASISTENCIA	R. VERDES		
R. EVACUACIÓN	OUTROS:		
TRIAXE			
SHORT	061 <input type="checkbox"/>	OUTROS: <input type="checkbox"/>	
VERMELLOS	AMARELOS	VERDES	NEGROS
ESTABILIZACIÓN			
VERMELLO 0	VERMELLO 1	VERMELLO 2	VERMELLO 3
AMARELO 1	AMARELO 2	VERDES	
COMENTARIOS / PUNTOS DE MELLORA			
MÉDICA/O		ENFERMEIRA/O	